

**PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**  
**DA ANPA DA SIONLLA**  
**(CEIP Arquitecto Casas Novoa)**  
**Curso 2021/2022**

## ÍNDICE

|             |                                                                                                                    |           |
|-------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1.</b>   | <b>INTRODUCCIÓN</b>                                                                                                | <b>3</b>  |
| <b>2.</b>   | <b>PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2021/22</b>                                                        | <b>4</b>  |
| <b>3.</b>   | <b>PLAN DE CONTINXENCIA PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES</b>                                                     | <b>5</b>  |
| <b>3.1.</b> | <b>NORMAS ORGANIZATIVAS PREVIAS</b>                                                                                | <b>6</b>  |
| <b>3.2.</b> | <b>NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE</b>                                                                     | <b>7</b>  |
| <b>3.3.</b> | <b>NORMAS RELATIVAS Á DURACIÓN E ÁS ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE</b>                                            | <b>8</b>  |
| <b>3.4.</b> | <b>NORMAS RELATIVAS Á UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS</b>                                                                  | <b>9</b>  |
| <b>3.5.</b> | <b>NORMAS RELATIVAS A POSÍBEIS SÍNTOMAS OU CONTAXIOS DURANTE A ACTIVIDADE</b>                                      | <b>10</b> |
| <b>3.6.</b> | <b>NORMAS RELATIVAS Á CANCELACIÓN DE ACTIVIDADES</b>                                                               | <b>11</b> |
| <b>3.7.</b> | <b>DISPOSICIÓN ÚLTIMA</b>                                                                                          | <b>11</b> |
|             | <b>ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>                                                                            | <b>12</b> |
|             | <b>ANEXO II. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19</b>                                                     | <b>13</b> |
|             | <b>ANEXO III. ACEPTACIÓN DE PROTOCOLO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA (A SIONLLA)</b> | <b>14</b> |

## 1. INTRODUCCIÓN

As actividades extraescolares forman parte da vida ordinaria dun centro educativo, algunhas son realizadas polo propio centro dun xeito directo, e outras adoita organizalas a ANPA como parte da súa actividade cotián de colaboración na vida escolar e de participación das familias na comunidade educativa.

Este curso 2021-2022, terceiro da pandemia da COVID-19, debera ser tamén un curso de normalización da realidade que nos toca vivir; unha realidade que ten que contemplar a presenza do coronavirus, pero que non pode continuar paralizandoo a vida das nosas fillas e fillos baixo a pretensión de que todo pode ficar apartado indefinidamente en tanto non se venza a enfermidade, tal e como non está a ocorrer coa propia vida académica e social, que cada día avanza máis cara á convivencia organizada e segura.

Por iso, esta asociación ten a pretensión de traballar na recuperación dos costumes e prácticas precedentes á pandemia, deseñando lugares de xogo, de comunicación e de convivencia entre as nenas e nenos do noso colexio, facilitándolles a vida en común e a relación entre iguais, e tamén creando para elas un espazo de seguridade e comodidade nas súas horas non lectivas; con esa pretensión programaremos as actividades e horarios dirixidas ao noso alumnado que se recollen no apartado 2 deste documento.

Para a organización destas actividades é imprescindible contar cunha ferramenta que garanta a seguridade de todas as usuarias e do persoal que as atenda; e que tamén fixe o marco de actuación das actividades da ANPA dentro do conxunto das actividades do centro escolar aos efectos do que establece o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-2022, que, concretamente, establece no seu apartado 12.1: *“A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022” e de acordo co Anexo VI. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte á Covid e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.*

*Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.*

*Este protocolo axustarase ao previsto no dito Anexo VI sobre actividades extraescolares e complementarias deste documento”.*

De acordo co previsto no devandito Anexo VI, a Asociación de Nais e Pais (ANPA) do CEIP Arquitecto Casas Novoa da Sionlla (Anpa da Sionlla) ten realizado o Plan de continxencia que se presenta no apartado 3 deste documento.

## 2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2021/22

Atendendo á situación actual, os espazos dispoñibles para o desenvolvemento de actividades son moi limitados, polo que non é posible manter a oferta de actividades extraescolares de cursos anteriores. De acordo coa dispoñibilidade de espazos e tentando ofertar actividades a todos os cursos de infantil e primaria, o programa de actividades que se oferta para este curso é o que se presenta deseguido, supeditada a cambios segundo a matrícula e os grupos.

| SALA 1        | SALA DE MADRUGADORES EQUIPADA CON MESAS E SILLAS DISTRIBUIDAS EN GRUPOS |             |             |             |             |  |
|---------------|-------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--|
| 13:25 a 14:15 | 3º PRIMARIA                                                             | 4º PRIMARIA | 5º PRIMARIA | 6º PRIMARIA |             |  |
| 14:25 a 15:15 | 4º INFANTIL                                                             | 5º INFANTIL | 6º INFANTIL | 1º PRIMARIA | 2º PRIMARIA |  |

| SALA 2        | SALA ANTERIORMENTE USADA PARA A ACTIVIDADE DE JUDO (PRECISO MONTAR E DESMONTAR TATAMI LUNS E MÉRCORES; E MONTAR E DESMONTAR MESAS/SILLAS XOVES E VENRES) |             |             |             |             |  |
|---------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--|
| 13:25 a 14:15 | 3º PRIMARIA                                                                                                                                              | 4º PRIMARIA | 5º PRIMARIA | 6º PRIMARIA |             |  |
| 14:25 a 15:15 | 4º INFANTIL                                                                                                                                              | 5º INFANTIL | 6º INFANTIL | 1º PRIMARIA | 2º PRIMARIA |  |

|        |               | LUNS             | MARTES           | MÉRCORES    | XOVES            | VENRES           |
|--------|---------------|------------------|------------------|-------------|------------------|------------------|
| SALA 1 | 13:25 a 14:15 | PINTURA          | PINTURA          |             | XADREZ           | XADREZ           |
|        |               | GRUPO 1          | GRUPO 2          |             | GRUPO 1          | GRUPO 2          |
|        |               | 3º A 6º PRIMARIA |                  |             |                  |                  |
|        | 14:25 a 15:15 | LUDOTECA         | LUDOTECA         | LUDOTECA    | LUDOTECA         | XADREZ           |
|        |               | 4º INFANTIL      | 5º e 6º INFANTIL | 4º INFANTIL | 5º e 6º INFANTIL | 1º - 2º PRIMARIA |
|        |               |                  |                  |             |                  |                  |

|        |               |                             |         |         |                  |         |
|--------|---------------|-----------------------------|---------|---------|------------------|---------|
| SALA 2 | 13:25 a 14:15 | JUDO                        | JUDO    | JUDO    | TEATRO           | TEATRO  |
|        |               | GRUPO 1                     | GRUPO 2 | GRUPO 3 | GRUPO 1          | GRUPO 2 |
|        |               | 3º A 6º PRIMARIA            |         |         |                  |         |
|        | 14:25 a 15:15 | JUDO                        | JUDO    | JUDO    | PINTURA          | PINTURA |
|        |               | GRUPO 1                     | GRUPO 2 | GRUPO 3 | GRUPO 1          | GRUPO 2 |
|        |               | INFANTIL E 1º e 2º PRIMARIA |         |         | 1º e 2º PRIMARIA |         |

**SALA 2: (PRECISO MONTAR E DESMONTAR TATAMI LUNS E MÉRCORES; E MONTAR E DESMONTAR MESAS/SILLAS XOVES E VENRES)**

**ACTIVIDADES DESCARTADAS POR FALTA DE ESPAZO ADECUADO:  
 BAILE MODERNO, PATINAXE, BAILE GALEGO (SEN GRUPO NO CURSO 2019\_2020)**

### **3. PLAN DE CONTINXENCIA PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

**CEIP Arquitecto Casas Novoa**  
**Curso 2021/2022**

### 3.1. NORMAS ORGANIZATIVAS PREVIAS

No curso actual 2021/2022 todas as actividades organizadas pola Anpa da Sionlla serán xestionadas de forma directa pola empresa Actividades Lúdicas de Galicia (Actex) CIF: B27791086; polo tanto, a xestión, organización, persoal e coordinación será realizada pola empresa e as persoas encargadas, informando á ANPA das xestións ordinarias e sobre todo as extraordinarias, que dará conta no preciso á dirección do centro.

Serán usuarias das actividades extraescolares da **ANPA da Sionlla** as alumnas e alumnos do centro escolar **CEIP Arquitecto Casas Novoa** que desexen participar nas mesmas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Traer asinada, por parte das súas nais-pais-titoras ou titores unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes indicacións, e que se inclúe no Anexo I deste documento, así como no documento de matrícula das actividades:
  - i. Realizar a enquisa de autoavaliación prevista no “protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” e que se recolle no Anexo II deste documento, e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza. No noso centro, como as actividades se realizan no descanso entre a xornada lectiva da mañá e a xornada lectiva da tarde, enténdese que se o alumno asiste á clase, xa ven de realizarse a enquisa de autoavaliación prevista antes de asistir cada día ó centro.
  - ii. O alumno/a debe vir provisto da máscara, que será obrigatoria para os maiores de 6 anos, e recomendábel para menores de 3 a 5 anos. Sempre facendo excepción dos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. As persoas asistentes deberán traer tamén unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.  
  
Porén, o centro, ACTEX e a ANPA garantirán que en todas as actividades haxa máscaras de reposto non reutilizábeis que poidan necesitarse para cubrir casos de necesidade.
  - iii. En ningún caso se permitirá a entrada nas actividades a outras persoas que non sexan o persoal monitor, o alumnado, e a persoa ou persoas en quen a ANPA delegue a función de control e seguimento de cadansúa actividade. Tampouco se permitirá a presenza de persoas nos lugares de actividade cando esta teña rematado.

### **3.2. NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**

1. **Limpeza e desinfección:** ACTEX encargárase da limpeza das dependencias do centro utilizadas para o seu desenvolvemento, da moblaxe e utensilios empregadas durante a actividade deixando os espazos dispoñibles para novos usos. Esta limpeza realizarase cando remate a actividade.

Durante as actividades desde curso, que se desenvolverán nos baixos do edificio auxiliar o alumnado que participa nas actividades, durante o tempo de desenvolvemento das mesmas, na entrada e saída da actividade, e ata que volva ó seu grupo estable no patio, comedor ou aula, só deberán utilizar o baño situado no baixo do mesmo edificio, encargándose da limpeza do baño indicado o servizo de limpeza dos centro escolar dentro da rutina diaria de limpeza e hixiene.

2. **Ventilación:** ventilaranse as dependencias utilizadas durante os primeiros e últimos cinco minutos nos que se realice cada actividade, permanecerán ventilándose nos tempos nos que o espazo estea baleiro como consecuencia dos intercambios de alumnado e durante o desenrolo da actividade sempre e cando a meteoroloxía o permita. Este tempo mínimo poderá incrementarse no caso de que a configuración das dependencias utilizadas, ou o tipo de actividade así o aconselle e será o persoal monitor das actividades o encargado de garantir a ventilación.
3. As actividades realizaranse durante todo o curso escolar nas mesmas dependencias, e utilizarán os baños que alí se indican, agás de que a conveniencia organizativa do centro faga aconsellábel un cambio. De existir este cambio, entenderase que esa será a nova localización da actividade dende ese momento.
4. Cando de xeito puntual non puidera empregarse a dependencia asignada, e logo de que o centro escolar comunique a necesidade de utilizar outra localización, farase un rexistro específico deste cambio subliñando as datas e lugares onde se produciu, indicando tamén cales son as modificacións que provocou na disposición do alumnado.
5. Durante este curso, o alumnado do centro está facendo uso do servizo de comedor en 2 quendas:
  - Na 1ª quenda comen as/os alumnas/os de 4º-5º-6º Infantil, 1º e 2º de Primaria en horario de 13:20h a 14:20h durante os meses de outubro a maio, que é cando se realizan as actividades.
  - Na 2ª quenda comen as/os alumnas/os de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria en horario de 14:20h a 15:20h durante os meses de outubro a maio, que é cando se realizan as actividades.

Polo tanto, realizaranse dúas quendas de actividades:

- Na 1ª quenda de actividades participarán alumnas/os de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria (2ª quenda de comedor), en horario de 13:25h a 14:15h.
- Na 2ª quenda de actividades participarán alumnas/os de 4º-5º-6º Infantil, 1º e 2º de Primaria (1ª quenda de comedor), en horario de 14:25h a 15:15h.

6. Inicialmente, prevese un máximo de 12 alumnas/os por espazo e actividade, podendo chegar a 15 alumnas/os se a configuración do grupo matriculado, o espazo a utilizar, máis o desenvolvemento da actividade así o permite, sempre que así o permita a normativa sanitaria vixente en cada momento, nomeadamente no que atinxa a distancia aprobada entre diferentes grupos de convivencia estábel, que neste momento está fixada en 1,5 metros; e que o número destes grupos asistente e a idade das súas integrantes á actividade permita o control desta distancia entre elas.
7. En todo caso, e de acordo coas instrucións que establece o protocolo, limitarase a 12 alumnas/os o máximo de participantes cando sexan actividades dirixidas exclusivamente a alumnado de educación infantil e/ou 1º e 2º curso de educación primaria, salvo nos casos en que todos inscritos/as pertencen a un ou dous grupos estables, nestes casos o número máximo poderá ser de 15 participantes.
8. En calquera caso, calquera actividade que conte coa asistencia minoritaria dalgún alumnado de cursos inferiores a 3º de primaria limitará a ocupación máxima a 12 participantes.
9. Todos os grupos de actividades teñen a pretensión de estabilidade, tanto de alumnado como de monitorado, durante o curso académico, realizándose unha matrícula inicial que dará lugar a un rexistro básico no que permanentemente hanse ir anotando as posíbeis variacións de altas e/ou baixas.
10. ACTEX levará un rexistro do alumnado que asiste a cada sesión de cadansúa actividade, que compartirá coa ANPA e a dirección do centro, cando sexa preciso. Para o cal a ANPA levará un control de seguimento da existencia e actualización destes rexistros.
11. A composición do alumnado de cadansúa actividade realizarase procurando agrupalos por cursos. En calquera caso, sempre que o alumnado pertenza a diferentes grupos de convivencia estábel manterase a distancia entre eles que marque a normativa sanitaria vixente.
12. O/a monitor/a de cada actividade disporá en todo momento do listado do alumnado matriculado na actividade que imparte, cos datos de contacto, así como o contacto da persoa coordinadora do monitorado de comedor, da persoa da ANPA responsable de dita actividade e da persoa ou persoas do equipo COVID que o centro asigne.
13. Procurarase que non exista material compartido entre o alumnado; e no caso de ter que o facer, o persoal monitor hixienizará especificamente ese material antes de que sexa utilizado por outro alumno-a.

### **3.3. NORMAS RELATIVAS Á DURACIÓN E ÁS ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE**

1. O alumnado que participa nas actividades agardará sempre no vestíbulo ou hall de entrada do edificio principal, onde será recollido polo monitor/a da actividade na que está matriculado. O persoal encargado do alumnado ata ese momento supervisará

co monitor/a da actividade que o alumnado se incorpora ó grupo da actividade. Ao remate da actividade, o monitor/a da actividade levará as/os nenas/os ao espazo onde se encontra o seu grupo de convivencia estable, acompañado polo persoal monitor de comedor.

2. As actividades extraescolares terán unha duración de 50 minutos. Os monitores/as recollerán o alumnado no punto de recollida, e ao rematar a actividade serán reagrupados co seu grupo.
3. Como se indicou anteriormente, nese período de non actividade a dependencia utilizada para impartir a actividade permanecerá ventilada.
4. A persoa encargada da recollida e entrega do alumnado será a monitora ou monitor da actividade saínte ou entrante, agás de que exista unha persoa especificamente responsable da recollida e entrega do alumnado. A persoa encargada da actividade organizará ao alumnado para evitar agrupacións innecesarias na entrada e saída.
5. O monitorado coñecerá con antelación as instalacións do centro asociadas ás actividades (espazo da actividade, puntos de recollida e entrega, aseos, conserxería e direccións se é o caso..) para facilitar desde o primeiro momento o correcto desenvolvemento do protocolo.

### **3.4. NORMAS RELATIVAS Á UTILIZACION DOS ESPAZOS**

1. Cada actividade utilizará as dependencias, baños, entradas e saídas que teña establecidas no plan de actividades da ANPA coas seguintes peculiaridades:
  - a. Uso de xel hidroalcohólico: o centro, a ANPA e ACTEX garantirán que exista este produto no acceso as dependencias onde se realice a actividade, que o alumnado utilizará nas entradas e saídas da mesma, ben polo seu inicio ou remate, ou ben porque ter utilizado os aseos correspondentes. O uso do xel queda restrinxido ao alumnado de primaria, e será controlado directamente polo persoal monitor da actividade. No caso do alumnado de infantil a limpeza de mans limitarase ao uso de auga e xabón.
  - b. Os aseos, que terán o control de aforo que permita a lexislación vixente, permitirán o lavado de mans con auga e xabón cando menos durante 40 segundos cando estean visiblemente sucias.
2. Segundo a actividade, os materiais, obxectos, utensilios, uniformes, etc, de uso no seu desenvolvemento, serán gardados polo monitor/a da actividade, ou este/a encargarse de que cada alumna/o recolla e leve consigo o seu material.

Aquelas cuestións que puideran non estar recollidas resolveranse atendendo ao establecido no Anexo VI do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

### **3.5. NORMAS RELATIVAS A POSÍBEIS SÍNTOMAS OU CONTAXIOS DURANTE A ACTIVIDADE**

No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:

1. Se fose un alumno ou alumna: o persoal monitor encargado procurará o máximo distanciamento da persoa con síntomas en relación co resto do alumnado presente, asegurando que manteña posta en todo momento a máscara.
2. Avisarase inmediatamente á persoa coordinadora dos monitores de comedor que debe acudir á sala onde está a/o alumna/o e acompañalo á aula COVID do centro. Deseguido, a persoa coordinadora dos monitores de comedor avisará ao responsábel do equipo COVID, así como ás persoas responsábeis do alumnado para a súa recollida e seguimento sanitario de acordo co protocolo COVID establecido para o alumnado.
3. Facilitarase a información do alumnado acompañante, da súa posición en relación ao posto que ocupara a persoa presuntamente sintomática, e calquera outra que se solicite por parte do centro escolar e/ou as autoridades sanitarias.

No caso de detección de síntomas sobrevidos nunha persoa monitora:

1. Situarase nun punto do espazo da actividade que resulte da maior distancia posíbel co alumnado.
2. Avisará inmediatamente á persoa coordinadora dos monitores de comedor, para que acuda á sala onde se estaba desenvolvendo a actividade a recollelas/os nenas/os participantes na actividade de dito/a monitor/a e levalos co resto do seu grupo de convivencia. Tamén debe avisar á persoa responsábel de ACTEX para comunicarlle o acontecido, e esta informará á persoa de contacto da ANPA.
3. ACTEX informará directamente ao centro escolar e a ANPA do posíbel contaxio.
4. Continuará cos requirimentos sanitarios que cumpran, segundo o que decida o persoal sanitario correspondente.

### **3.6. NORMAS RELATIVAS Á CANCELACIÓN DE ACTIVIDADES**

Todas as actividades extraescolares están suxeitas á evolución da pandemia da COVID-19, e no seu desenvolvemento terán como primeira consideración o respecto á realidade sanitaria de cada momento.

Dende ese punto de vista, no momento no que se confirme que unha persoa participante nunha actividade está contaxiada, suspenderase a actividade ata que, de acordo co equipo COVID do centro se poida ter a seguranza de reanudala sen riscos.

ACTEX será a responsábel de informar ás familias participantes na actividade desta posíbel situación, manterá en todo momento informada á ANPA, e ao responsábel COVID do centro.

De ter que cancelarse unha actividade puntualmente por circunstancias extraordinarias (non disponibilidad de monitor, sala da actividade non dispoñible, etc,) o alumnado que ía participar na actividade terá que voltar ó seu grupo no patio, aula ou comedor.

### **3.7. DISPOSICIÓN ÚLTIMA**

O/a responsable asignado por ACTEX asinará expresamente, xunto co seu persoal contratado para impartir as actividades, este plan de continxencia, o que será compromiso do seu coñecemento e garantía da súa responsabilidade no cumprimento, segundo o Anexo I deste documento.

No caso de que algunha das empresas desexe elaborar un protocolo de actuación propio, e sempre que este supoña manter un maior control en calquera dos aspectos explicados, ou nalgún aspecto novidoso non contemplado neste documento, ese documento presentárase ao Consello Escolar do centro para a súa incorporación ao protocolo de adaptación ao COVID-19 do centro escolar.

## ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, como pai/nai/titor/a do alumno/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ do centro CEIP Arquitecto Casas Novoa

☐ DECLARO RESPONSABLEMENTE que coñezo o Plan de continxencia para as Actividades Extraescolares organizadas pola ANPA do CEIP Arquitecto Casas Novoa para este curso 2021/2022 e comprométome a cumprir coas normas, medidas e procedementos recollidas neste Plan.

☐ Comprométome a realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 o/a alumno/a e a NON enviálo a/ao centro nin a ningunha actividade extraescolar e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso de presentar cando menos un dos síntomas previstos. Asimesmo, comprométome a comunicarlle estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

☐ Comprométome a seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19 e a comunicárllelo ao Equipo Covid do centro.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo: \_\_\_\_\_

## ANEXO II. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas, solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

| <i>Presentou nos últimos días?</i> |                                 | <i>SI</i> | <i>NON</i> |
|------------------------------------|---------------------------------|-----------|------------|
| <b>Síntomas respiratorios</b>      | <b>Febre maior de 37,5°C</b>    |           |            |
|                                    | <b>Tose seca</b>                |           |            |
|                                    | <b>Dificultade respiratoria</b> |           |            |
| <b>Outros síntomas</b>             | <b>Fatiga severa (cansazo)</b>  |           |            |
|                                    | <b>Dor muscular</b>             |           |            |
|                                    | <b>Falta de olfacto</b>         |           |            |
|                                    | <b>Falta de gusto</b>           |           |            |
|                                    | <b>Diarrea</b>                  |           |            |

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

|                                      |                                            | <i>SI</i> | <i>NON</i> |
|--------------------------------------|--------------------------------------------|-----------|------------|
| <b>CONVIVIU nos últimos 10 días?</b> | <b>cunha persoa Covid-19 + confirmado?</b> |           |            |

### **ANEXO III. ACEPTACIÓN DE PROTOCOLO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA (A SIONLLA)**

|                                   | NOME E APELIDOS | DNI | SINATURA |
|-----------------------------------|-----------------|-----|----------|
| RESPONSABLE<br>ACTEX              |                 |     |          |
| MONITOR/A<br>ACTIVIDADE:<br>_____ |                 |     |          |
| MONITOR/A<br>ACTIVIDADE:<br>_____ |                 |     |          |
| MONITOR/A<br>ACTIVIDADE:<br>_____ |                 |     |          |
| MONITOR/A<br>ACTIVIDADE:<br>_____ |                 |     |          |